



Actualizado o Venres 5 de Xuño de 2015 ás 12:05

[Hemeroteca](#)

Buscar...

- -
- -
- -
- -

[Portada](#)

[Galicia](#)

[Local](#)

[Axenda Cultural](#)




[Deportes](#)

[Galicia exterior](#)

[Sucesos](#)

[Colaboracións](#)

[Utilidades](#)

-  [Enviar a un amigo](#)
-  [Opinar](#)
-  [Imprimir](#)

Publicidade



## Belén do Campo trasladada a Cegasal o apoio á súa labor a prol da inserción laboral

PUBLICADO EN: [Noticias de Galicia](#) ► [A Coruña](#) ▼

A-

A+



### Belén do Campo na reunión con Cegasal

A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, ratificou esta mañá o apoio do Goberno galego á Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais (Cegasal) nunha xuntanza co seu presidente, José Antonio Vázquez, na que resaltou a importancia dos 12 centros especiais de emprego que xestiona a entidade na provincia –dos 17 de toda Galicia- que empregan a máis de 500 persoas con discapacidade.

Do Campo destacou a que a labor que desenvolve Cegasal é esencial para o acceso ao emprego das persoas con discapacidade e o mantemento dos postos de traballo, “vías de vital importancia para a inserción social”, apuntou. A delegada subliñou ademais que a asociación forma parte, desde 2008, da Confederación de Empresarios de Galicia “en completa igualdade co resto de empresas”.

A representante autonómica afirmou que “o compromiso do Executivo autonómico coas persoas con discapacidade é total e absoluto”. Neste senso, sinalou que a Consellería de Traballo e Benestar incrementou, por segundo ano consecutivo, o orzamento para a discapacidade, alcanzando os 100 millóns de euros. Así mesmo, a Xunta aumentou un 2% o investimento destinado a centros especiais de emprego. O apoio da administración autonómica a Cegasal desde 2009 supera os 16,5 millóns de euros con axudas destinadas a gastos de funcionamento, contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, así como outras dirixidas a todos os centros que conforman a entidade, ao mantemento dos postos de traballo e para unidades de apoio á actividade profesional. Ademais, a consellería subvenciona a totalidade dos contratos laborais dos traballadores destes centros especiais.

No encontro, Do Campo apelou tamén á responsabilidade social das empresas no tocante a apostar pola contratación de traballadores e traballadoras con discapacidade co propósito de que se lles ofrezca a posibilidade de demostrar as súas capacidades. Neste sentido, Cegasal confórmase como unha asociación multisectorial que está formada por un grupo de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro e entidades promovidas por persoas con discapacidade, que integrados na organización, son referentes de cara a defensa, promoción e representación das entidades que proporcionan emprego protexido. As empresas asociadas a Cegasal desenvolven a súa actividade en diversos sectores como a alimentación, a atención socio-sanitaria, o transporte ou actividades no sector agrícola ou gandeiro, entre outros.

A xuntanza de hoxe entre a delegada e Vázquez forma parte da rolda de contactos que a asociación está a levar a cabo con institucións e organizacións para dar a coñecer a labor de Cegasal, así como concienciar da necesidade de facilitar a inserción laboral das persoas con discapacidade.

Me gusta

1

Tweet

1

g+1

0



**chuza!**

4 de xuño de 2015 | 17:09 • [Sen comentarios](#)

Outras novas do día

- [A VIII Xornada dos clubs de lectura fomenta a reflexión conxunta para avanzar na construción da sociedade lectora dende o ensino](#)
- [A Consellería de Educación destinará 238.000 euros á ampliación do IES Antón Losada Diéguez da Estrada](#)
- [Educación destina 456.000 euros á ampliación do CIFP A Xunqueira en Pontevedra](#)
- [Apertura do prazo de inscrición dos cursos especializados para profesionais na Feira Corazón da artesanía de Agolada](#)
- [A baixa visibilidade obrigou a desviar varios voos do aeroporto de Peinador](#)

Deixa o teu comentario

Nome (requerido)

E-mail (non se publicará) (requerido)

O teu comentario

Enviar comentario

Publicidade

[Zapatillas Minimalistas](#)

Publicidade

Utilidades



- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 

**Tweets** Follow


 **Noticieiro Galego** 8m  
@noticieiro  
Baixan un 33,8% no primeiro trimestre as execucións hipotecarias sobre vivendas de persoas [goo.gl/nPZg4i](http://goo.gl/nPZg4i)

 **Noticieiro Galego** 42m  
@noticieiro  
Atopan no armario dunha vivenda de Sarria un corpo momificado [goo.gl/bg904z](http://goo.gl/bg904z)

 **Noticieiro Galego** 16h  
@noticieiro  
Turkish Airlines transportou en 2014 máis de 32.000 pasaxeiros en Galicia [goo.gl/NV3dDk](http://goo.gl/NV3dDk)



#### Publicidade



#### Publicidade



Sígue as novas na nosa rede

---

- [Contacto](#) || [Aviso Legal](#) || [Privacidade](#) || [Accesibilidade](#) || [Política de Publicación](#)

Todos os dereitos reservados.

Queda terminantemente prohibida a reprodución total ou parcial dos contidos ofrecidos a través de noticieirogalego.com salvo que o seu uso estea autorizado expresamente. Así mesmo, queda prohibida toda reprodución aos efectos do artigo 32.1, parágrafo segundo, Lei 23/2006 da Propiedade Intelectual